Guía didáctica

Flippedeconomics. Economía 4º de ESO.

Materiais creados por Héctor Marcos Pérez Feijoo

Convocatoria de licenzas formativas para o curso 2016/17. Xunta de Galicia.

Estrutura dos materiais.

- O proxecto estrutúrase en 19 bloques correspondentes aos criterios de avaliación determinados no currículo oficial.
- Cada bloque de contidos componse de:
  - Presentacións dos contidos.
  - Vídeos explicativos.
  - Vídeo infografías sobre aspectos prácticos.

Bloques de contidos (I)

- Bloque 1. Ideas económicas básicas
  - B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.
  - B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.
  - B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.

- Bloque 2. Economía e empresa
  - B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.
  - B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.
  - B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.
  - B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.
  - B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.

Bloques de contidos (II)

- Bloque 3. Economía persoal
  - B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.
  - B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.
  - B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.
  - B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.
  - B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.

- Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado
  - B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.
  - B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.
  - B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.

Bloques de contidos (III)

- Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego
  - B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.
  - B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.
-
- Bloque 6. Economía internacional
  - B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.

Secuenciación de contidos e temporalización

1ª avaliación:

Bloque 1. Ideas económicas básicas

Bloque 2. Economía e empresa

2ª avaliación:

Bloque 3. Economía persoal

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

3ª avaliación:

Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego

Bloque 6. Economía internacional

Actividades

- Presentacións
- Vídeos
- Vídeos infográficos

Presentacións. O obxectivo das presentacións é desenvolver:

Conceptos básicos.

Exemplos.



Vídeos.

Obxectivo:

Explicación dos conceptos teóricos



Vídeo infografías. Vídeos de contido gráfico para:



Expoñer conceptos relacionados cos contidos presentados.

Propoñer exercicios e reflexións.

Metodoloxía Flipped Classroom

- A clase invertida pretende superar algúns puntos febles da estrutura tradicional da clase maxistral: as dificultades para integrar un enfoque constructivista no que o alumnado sexa protagonista da súa aprendizaxe e a integración práctica das Tics na aula; a falta de resultados do ensino tradicional; a escasa atención á diversidade que se produce cunha clase maxistral.

- Este proxecto pretende desenvolver materiais dixitais en tres tipos de formatos: vídeos, presentacións e infografías. O acceso do alumnado a estes materiais fora do contorno da clase, permitirá o traballo sobre os mesmos na clase mediante a súa análise crítica e a realización de actividades relacionadas. Trátase de que o profesor actúe como facilitador ou intermediario na aprendizaxe. As tarefas na clase realizaranse en grupos ou individualmente, dependendo das características e necesidades do alumnado.

Metodoloxía flipped classroom

Na casa

Presentacións

Vídeos

Vídeo infografía

Na aula

Comentario dos materiais

Exercicios

Atención á diversidade

- Ofrecer pequenos traballos e actividades adicionais cunha forte carga creativa a aquelas/es alumnas/os que acaden con celeridade os obxectivos.

- As/os alumnas/os poden acceder aos contidos teóricos tantas veces como precisen, na casa, mentres que na aula requiren o apoio do profesor segundo as súas necesidades.

- O profesor queda liberado da tarefa de requerir a atención permanente do alumnado ás súas explicacións. e pode dedicar o tempo de clase á atención individualizada ou en pequenos grupos.

Avaliación segundo o paradigma da Flipped Classroom

Participación activa nas tarefas

Resultados con significado claro na aprendizaxe

Baseada nos estándares de aprendizaxe

Avaliación formativa real

Coñecemento real das necesidades do alumnado

o profesorado é consciente do traballo que realizan as/os alumnas/os e interactúa con eles

Diferenciación

Tanto no contido como no proceso e o produto, elementos fundamentais na atención á diversidade

Traballo interdependente, centrado na consecución das expectativas conxunta e tomando a iniciativa de innovar

Aprendizaxe cooperativa

Uso da tecnoloxía

O foco está na creación, avaliación e análise de procesos e produtos.

Instrumentos de avaliación

- Observación das actividades realizadas na aula (40% da nota da avaliación).
- Realización de mapas conceptuais de cada lección (20% da nota da avaliación).
- Realización e presentación por grupos dun traballo para cada bloque de contidos (40% da nota da avaliación).

Avaliación do recurso: cuestionario con escalas de valoración incluído no Moodle.

ASPECTOS FUNCIONAIS

- Definición de metas ou obxectivos pedagóxicos.
- Linguaxe apropiada
- Facilidade de uso (usabilidade)
- Accesibilidade dos recursos
- Adecuación aos destinatarios

ASPECTOS TÉCNICOS

- Calidade do entorno visual
- Calidade e cantidade dos materiais
- Calidade nos contidos textuais
- Interacción co usuario
- Execución fiable
- Orixinalidade e tecnoloxía adecuada